

Fai un par de semanas que, “dende a trincheira do lado”, o Santi facíame chegar un dos seus libros de poemas, “Alga e Fungo”, e rescataba da miña particular artesa de aparellos sen uso, versos, rimas, métricas, estrofas... e demais ferramentas poéticas.

alga e fungo

Santiago Prol



A lectura de poesía (anos despois da última incursión) levoume a reflexionar sobre o tema, a aventurar que esta longa ausencia me leva a unha situación límite como as que se debuxan na primeira parte da obra. De pé fronte ó abismo, decido dar un paso máis, a poesía convértese en material de supervivencia.

Unha vez situado máis alá do precipicio, chego a conclusión de que a educación que recibemos deixa totalmente de lado a poesía, unha arte creativa que debería ser explotada durante os primeiros anos da nosa formación. Deste xeito atopámonos con xente que chega a universidade e é incapaz de redactar un artigo o suficientemente atractivo para incitar á súa lectura, ou que treme de medo á hora de expor as súas ideas diante dun pequeno auditorio. A creación poética é improvisación puntual, pero tamén unha arte de medidas exactas. Esta dobre natureza da poesía fai que un coñecemento das súas armas nos faga estar mellor preparados para un entorno dinámico e cambiante como o que nos toca vivir.

Por todo elo aquí tedes unha pílula do libro que vos comentaba “Alga e Fungo” de Santiago Prol, supoño que vos poderedes facer cun exemplar na Biblioteca de Maceda, senón eu mesmo estou disposto a pasárvolo (os libros non teñen sentido se non son compartidos).

*Nas amañecidas demoníacas
expuña o peor que levaba dentro*

*Era conscente dese impulso primitivo
que non podía coutar
incluídos os danos a terceiros
que provocaba*

*A resaca
que o acosaba
era devastadora
Sentíase mal
vomitivo
desorbitado*

*Por longos períodos sabáticos
enquistábase nunha armadura apócrifa
Laceirábase con alopecias interiores
que lle ocasionaban
desoladores estragos*

*Carcomíase/
destrozábase
nunha culpabilidade discordante*

*Acababa
transformándose
nunha drag queen
de sí mesmo
sempre contra as cordas
totalmente noqueado
vilmente destrozado/
destríticamente alienado.*

Unha canción: ***Hurricane*** by Bob Dylan (Lyrics, Letra)